

Comentarios recollidos no [Blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-08

1. A novela narra a historia de Xoán, un rapaz nacido na posguerra que nos conta en primeira persoa a súa vida, dende a máis tenra infancia ata que alcanza a madurez. Cóntanos a súa historia (e anacos da doutros membros do relato) mediante anécdotas e acontecementos que marcaron a súa existencia. Así, Xoán comeza relatando a súa vida na aldea baseada en xogos e trasnadas, e como a chegada do avó afectará non só na súa vida, senón na de todos os membros da familia. Coa morte do avó Xoán pasa a vivir coa avoa (e as súas peculiaridades) na cidade, coa compañía dunha moza inglesa, que influirá irremediabilmente na súa historia. Despois disto o rapaz volve co seu pai e os seus irmáns, os cales agora viven na cidade, e irá por primeira vez o colexio, onde coñecerá o seu inseparable amigo Avelino. Xoán cóntanos as súas peripecias cos seus amigos, os veráns na aldea, o primeiro contacto coas nenas, as súas disputas co Souza ... e algunha que outra vivencia que forman a súa nenez. Co tempo o neno vai madurando e aparecen os primeiros amores, os problemas coa política e a relixión, o seu primeiro contacto coa poesía, as primeiras bebedeiras .. etc. Xoán é un rapaz estudoso e responsable, ás veces demasiado (hai unha etapa da súa vida na que non pode parar de pensar nos pecados) e na súa vida van aparecendo dúbidas (algunhas atopan resposta co paso do tempo e outras non), a súa historia é realmente curiosa. É unha novela moi interesante, aínda que ás veces faise un pouco custosa de ler polo seu vocabulario (nada que non se poda arranxar cun dicionario a man). Eu ma lin en tres ou catro días, lendo un pouco pola noite antes de durmir. Ás veces a historia fíxoseme un pouco pesada pola gran cantidade de vivencias que conta o libro (o que non quere dicir que sexa aburrido, de feito o libro é moi interesante). Recomendaríalle o libro a todo aquel que queira lelo (mellor con ganas que sen elas, aínda que na mente sempre queda algo). **(Antía)**

2. *A nosa cinza* é un libro moi interesante pois narra a vida dun rapaz dende que nace ata que alcanza a madurez. Neste libro o protagonista, Xoán, narra a su vista dende un punto de vista obxectivo pois escríbeas tal e como as pensa e como poden pensar os seus amigos e familiares. Xoán é un rapaz que crece sen nai e comparte a súa nenez coas súas irmáns, sobre toda con Carmucha. Fai unha introdución da historia na que conta máis ou menos a vida da súa nai, pois di que sabe máis ca da do seu pai. Xoán é un rapaz que pasa moito tempo só despois do e que o seu avó chegue á súa vida e a cambie completamente igual ca do resto da familia e despois de..., e o seu pai decida mandalo para a ..., para que lle impartan clases e o preparen para o instituto. Xoán foi ensinado polo seu avó e as clases que lle impartían os profesores aqueles non lle gustaban nada, pois non eran entretidas e ás veces rebatían o que o seu avó lle ensinara. Unha rapaza inglesa influí notablemente na súa vida, cambiándoa co tempo. Despois volve co seu pai e súa nova muller a que tamén repercutirá notablemente na vida de toda a familia. Cando chega a instituto encóntrase co típico matón de escola, Sousa, que lle fará a vida imposible durante algúns anos e ... Tamén coñece a Caxigao ... No libro hai unha boa parte na que Xoán está obsesionado coa Igrexa, pois só pensa en ser devoto e non cometer pecado ningún e intentar axudar os pobres todo o posible. A miña opinión sobre o libro é que trata moi ben o tema da adolescencia na época, pois daquela se pensaba moito en ser cristián e cura. Tamén se aprecia como os mozos se preocupaban polos amigos de verdade e tentaban conseguir unha boa moza para casar, pois daquela tíñase unha grande obsesión polo tema. Pareceume un libro algo longo pero en xeral está moi ben e non ten un léxico demasiado difícil de entender. **(Andrea)**